

# O xénero do substantivo na fala do concello ourensán de Castrelo do Val

Aquilino S. Alonso Núñez  
*Universidade de Vigo*

**RESUMO.** Este estudo sobre o xénero do substantivo está baseado na fala do concello ourensán de Castrelo do Val. Nel, deféndese que o xénero en galego é un clasificador que divide os substantivos en dous tipos: masculino e feminino. Faise referencia ó xénero do indoeuropeo e do latín. Constátase que a marcaxe do xénero no galego desta zona non é sempre previsible, a pesar de que a categoría de xénero ten unha marcaxe formal con *-o* e con *-a* moito máis recoñecible para os falantes galegos cá marcaxe do xénero en latín para os falantes latinos. Por último, demóstrase que a variación xenérica masculino/feminino vale para categorizar como distintas dúas entidades distintas que, fundamentalmente, teñen unha feitura diferente e, como consecuencia desa forma diferente, tamén teñen funcións distintas, distinto tamaño, etc. A análise dunha fala concreta é extrapolable a todo o galego

*Palabras clave:* xénero, morfoloxía, galego, substantivo, flexión.

**ABSTRACT.** This study on noun gender focuses on the Galician speech of Castrelo do Val (Ourense). I argue that in Galician, gender is a classifier that divides nouns into two types: masculine and feminine. Special reference is made to gender in Indo-European and Latin. I prove that gender marking in the Galician spoken in this area is not always predictable, although gender has a formal marking with *-o* or *-a* endings much more evident than gender marking was for Latin speakers. Finally, I demonstrate that the generic variation masculine/feminine is used to categorise as different two entities that mainly have a different shape and, consequently, different function, size, etc. The analysis of a particular speech can be extrapolated to Galician as a whole.

*Keywords:* gender, morphology, Galician, noun, inflection.

---

Data de recepción: 30.10.2006. Data de aceptación: 21.12.2006.

## 1. O concepto de *xénero*

A gramática tradicional establecía unha relación clara entre sexo e xénero. Pero, hoxe por hoxe, un postulado deste tipo é erróneo aínda que é moi posible que, nun principio, o xénero tivese unha motivación na realidade. Para Camara (1980: 132), o xénero nominal, á luz da lingüística xeral, é unha visión caleidoscópica en que varían considerablemente o número das clases, as liñas directrices de clasificación e a maior ou menor coherencia con que esas liñas son obedecidas. Este mesmo autor (Camara 1980: 139) termina por concluír que a categoría de xénero no portugués é unha pura división mórfica que ilustra ben o que hai de variable, complexo e convencionalmente arbitrario nas categorías gramaticais e como estas se distancian das categorías lóxicas.

O xénero do galego actual é un clasificador que divide os substantivos e os sintagmas nominais (ou frases nominais) en dous tipos chamados *masculino* e *feminino*. Bastante similar á categoría de xénero do galego é o sistema de clasificación nominal que se encontra en moitas linguas do sueste asiático para cumprilo cometido de enumeración e individuación. En chinés, para expresar ‘este home’ non chega *zhèi rén* senón que *rén* ‘home’ esixe o clasificador *ge* e así hai que dicir *zhèi ge rén* ‘este home’ (Moreno Cabrera 1991: 175-179). Moreno Cabrera tamén indica que, no suahili, que é unha lingua bantú, existen clasificadores de concordancia: os substantivos posúen un prefixo para o singular e outro para o plural segundo a clase á cal pertencen. O prefixo clasificador que leva o substantivo ten que ir tamén con tódolos elementos (determinantes e adxectivos) relacionados co substantivo: *ki-su ki-moya ki-litsha* ‘coitelo un foi suficiente’).

A palabra *xénero* deriva de GENUS, verba extremadamente xeral que significaba en latín ‘clase’, ‘tipo’. Na actualidade, a nomenclatura gramatical segue usando este termo que se revela, en parte, inadecuado por opaco ou por ambiguo. Algo parecido ocorre coas palabras *masculino* e *feminino*, as cales inducen a confundir xénero gramatical con sexo. Pero tal asociación, que se pode observar en *nen/nena* ou *lobo/loba*, pronto se mostra fráxil e parcial. En primeiro lugar, os nomes de cousas inanimadas tamén aparecen distribuídos nas dúas clases mentadas. En segundo lugar, os nomes referidos á especie humana poden estar indeterminados en canto ó sexo, por exemplo, *artista*, palabra que figura con dous xéneros no dicionario. A indeterminación de *artista*, que concorda co referente ó que se aplica igual que ocorre cos nomes propios de persoas e de animais, resólvese sintagmaticamente: *o artista novo, a artista nova*. En terceiro lugar, entre os nomes de animais, a maioría deles posúen un único xénero, por exemplo *a cobra, o tigre, o pardau, o furón, o barbo, a araña, a formiga, a lebre, a pantera, a pega/a peha, a lerre*, etc., e só varían de xénero aqueles substantivos que designan animais, relevantes para os seres humanos dunha comunidade, debido a que os crían para alimentarse (*porco/porca; coello/coella*), a que os crían para que os axuden a traballar (*burro/burra*), a que os cazan para alimentarse (*corzo/corza*) ou a que manteñen calquera outro tipo de relación estreita con eles (*lobo/loba*). Pero incluso entre estes, a variación sexual tamén

se pode especificar no léxico con dúas entradas diferentes de dicionario (*boi/vaca; carneiro/ovella*). Algunhas veces, ás dúas entradas de dicionario chegouse a través dun proceso histórico que fixo cristalizar como palabra diferente unha palabra derivada doutra, como se ve en *cadela* fronte a *can*, *galiña* fronte a *galo*, etc.

Para Monteil (1992: 160-161), o feminino ten, en indoeuropeo, unha natureza secundaria con respecto ó masculino porque se obtén por derivación a partir do masculino, tanto no caso dalgúns nomes de axente, que aínda se encontran en latín nas formacións en *-ix, -tr-ix* (*gene-trix, meretrix*) e nas formacións en *-i-na* (*reg-i-na, gall-ina*), canto no caso dos adxectivos que herdou o latín coa forma *bonus/bona*. Nas palabras patrimoniais do galego o elemento derivativo aparece incorporado na raíz (*galiñ-a*). Pero, na lingua culta, úsase este procedemento derivativo (*heroína*) copiándoo directamente do latín ou doutras linguas románicas, as cales o tomaron do latín.

Para Said Ali (1971: 67), en xeral, teñen un único xénero os nomes de peixes, réptiles e batracios, de insectos e animais considerados inferiores e, con poucas excepcións, os de mamíferos e aves. Estes substantivos son denominados *epicenos* ou *promiscuos* e designan animais sen ter en conta de que sexo son. Agora ben, cando se quere menta-lo o sexo do animal, bótase man dos vocábulos *macho* e *femia*. E así dise *a formiga macho* ou *o macho da formiga*, *a pantera macho* ou *o macho da pantera*, *a pulga femia* ou *a femia da pulga*, etc. Con todo, nalgúns casos se o animal se fai relevante para unha comunidade, aínda que sexa a través da televisión ou das historias relixiosas escoitadas na igrexa, pode crearse unha forma xenérica diferente: *o elefante* → *a elefanta*. A creación vólvese expresiva (*non había nin formigas nin formigos*) se non está sistematizada no código. Así a todo, a noción de *xénero*, que foi elaborada pola gramática antiga a partir do grego e do latín, continúa sendo útil para o galego a pesar de que hoxe, ó descoñecérmo-los criterios de clasificación, nos pareza fantástica, mítica ou, en xeral, desmotivada a taxonomía do latín e do primitivo indoeuropeo.

A taxonomía do indoeuropeo respondía moi posiblemente a unha elaboración do pensamento primitivo que se guiaba pola esixencia de crear unha ordenación e pola necesidade de establecer unha correspondencia entre significante e significado (Simone 1993: 260). Así a todo, para Villar (1983: 120), a clase xerárquica alta (a clase dos animados) presentaba un grao de xeneralización grande ó incluír masivamente palabras de referente inanimado, que resultaban, en consecuencia, clasificadas de forma semanticamente inmotivada. Ademais Villar, aínda que di que a clase xerárquica baixa (a clase dos inanimados) presentaba unha motivación semántica estrita ó conter unicamente palabras de referente inanimado, ten que admitir nunha nota a pé de páxina que había algunhas palabras de referente animado formando parte da clase inanimada.

O latín herdou a taxonomía indoeuropea con modificacións, que foron a máis porque os falantes latinos non distinguían con claridade os criterios que gobernaban a clasificación. O xénero latino, seguiu sendo modificado nas diferentes linguas románicas ata tal punto que aparece como desmotivado e impredecible na maioría dos casos. A desmotivación e impre-

visibilidade pódese comprobar se un galego intenta aprender outro idioma románico, por exemplo, o italiano. Agora ben, non se pode esquecer que os falantes inxenuos, cando poden, tenden a motiva-lo xénero iconicamente. Isto ocorre, por exemplo, cando unha informante miña define *o pereiro* coma ‘pereira macho’.

## 2. Un pouco de historia: o xénero en indoeuropeo e latín

Como xa dixen, no funcionamento actual da lingua, non hai un concepto de sexo subxacente ó xénero. Non se recoñecería en palabras como *casa, rosa, martelo*, etc., ou en oposicións como *zapato/zapata, banco/banca*. O principio básico de distribución é así un criterio formal.

A categoría de xénero é un produto histórico cunha orixe que se perde na escuridade do pasado remoto. A distribución nominal actual do galego en dous xéneros subsume tres xéneros do latín. Para Monteil (1992: 158-162), a categoría de xénero, tan arbitraria coma a de número, é máis difícil de aprehender ó ser menos concreta. O indoeuropeo tiña dous xéneros: animado e inanimado, os cales é posible que, ó principio, estivesen marcados morfoloxicamente. Masculino e feminino constituían unha subdivisión do xénero animado. Agora ben, non había unha repartición natural que englobase no inanimado tódolos nomes que designaban cousas desprovistas de vida, xa que algúns substantivos que denotaban auga, lume, terra, etc., podían ser concibidos non só como materia inerte senón tamén como fonte de enerxía e de produción. Ademais, o inanimado abranguía algúns nomes de seres viventes, ós cales non se lles recoñecía personalidade activa, autonomía xurídica ou posesión de razón. Así, mediante o neutro designábanse os escravos, as mulleres, especialmente as prostitutas, e os nenos e de aí o uso do inanimado para a expresión dos diminutivos. En latín, continúan sendo neutros os escravos (*mancipium*) e as prostitutas (*scortum*<sup>1</sup>).

O valor despersonalizador do neutro aproximao a algúns aspectos do colectivo; e non é casualidade que o neutro plural tome as súas formas, nos casos rectos, do antigo colectivo. A lingüística indoeuropea aínda non explicou de modo satisfactorio a identidade formal entre feminino e colectivo, que traerá como consecuencia a asimilación, en latín histórico, de antigos colectivos en *-a* a femininos singulares. O antigo colectivo, en indoeuropeo, opoñíase como pluralidade sintética e incontable á pluralidade analítica e contable que indicaba o plural normal. O latín en época histórica eliminou o colectivo ó asimilalo ó singular da primeira declinación ou a un plural inanimado e, como consecuencia, só mantivo viva a oposición singular/plural.

No indoeuropeo e tamén no latín, a subdivisión masculino/feminino é moi tenue e o sexo márcase, en moitas ocasións, mediante un lexema de apoio (*bos mas/bos femina*) ou ben mediante a concordancia sintáctica cun pronome (*hic bos/haec bos*) ou cun adxectivo (*bonus canis/bona canis*). O latín distinguía tres xéneros: masculino, feminino e inanimado, cha-

1 En latín, *scortum* era unha palabra neutra que significaba ‘pelello’. A palabra *scortum* seguiu conservando o xénero neutro cando pasou a designar metaforicamente a unha prostituta (Villar 1983: 116).

mado *neutro* ‘nin un nin outro’, e tendía, aínda máis có indoeuropeo a considerar de xénero animado obxectos desprovistos de vida. Ademais a oposición animado/inanimado só se daba nos casos nominativo e acusativo (*civis, civem/ mare; domini, dominos/ templa*). No resto dos casos, non había oposición: *boni domini* como *pulchri templi*. En latín, a única oposición importante é masculino/feminino pero no nivel do substantivo non se percibía formalmente: o masculino *nautae* tiña a mesma terminación có feminino *filiae*; o masculino *domini* tiña a mesma terminación có feminino *fagi*; o masculino *patris* tiña a mesma terminación có feminino *matris*, o masculino *fructus* tiña a mesma terminación có feminino *manus*, etc. A posibilidade de que un adxectivo recorra a dúas flexións diferentes segundo as esixencias da concordancia (*boni patris/bonae matris*) é o que mantén na conciencia dun falante latino a existencia dunha oposición lingüística de xénero, que non se percibía tampouco formalmente nalgúns adxectivos (*suavis*) pero si noutros (*bonus/bona*).

Se en latín o xénero non era unha categoría sólida, tampouco o é en galego, onde non existe o neutro nominal. Xa en latín a quinta declinación e a primeira declinación carecían de neutros. A quinta, por ser de formación máis recente cás demais, e a primeira, por estar constituída por antigos colectivos. O neutro xa deixara de ser unha categoría útil e clara dende un punto de vista conceptual para os latinos. De aí que os neutros que remataban en *-a* figuren hoxe en galego como femininos (*folla*) e os neutros que remataban en *-o* figuren hoxe en galego como masculinos (*viño, prado, fio*) e os que non remataban en ningunha das vogais citadas redistribuíronse no galego ou na clase masculina ou na clase feminina obedecendo a razóns que dependen da historia particular de cada palabra, se ben en determinados casos é posible que influíse a súa asociación cun substantivo masculino ou feminino de significado parecido. Ademais, é conveniente lembrar que, en latín, había elementos con dous plurais, masculino e neutro, tales como *loci/loca, ioci/ioca, lacerti/lacerta*, que poden ser restos da antiga distinción plural/colectivo etc. Agora ben, xa dende os primeiros textos hai un uso ocasional do masculino polo neutro (*caelus* por *caelum*).

Entre os neutros latinos, había un grupo numeroso de helenismos que, na lingua culta actual castelá, tenden a ser masculinos porque, segundo di Menéndez Pidal (1904: 212-217), os eruditos que sabían que, en latín, eran neutros tendían a usalos en masculino. Pero, cando esas palabras se popularizan, como acontece, na fala deste concello, con *a cataplasma, a calma, a crisma, a diadema e a reuma*, fanse femininas por acabaren en *-a*, marca que o vulgo quere regularizar para significar ‘feminino’. A tendencia a converter en femininos este tipo de palabras que rematan en *-a* tamén se observa no microtopónimo de Veiga de Nostre *A Corga da Fantarma*; pola contra, en Campobecerras, úsase, por influxo do castelán, *o fantarma*. Os femininos do galego actual do tipo *crisma* xa tendían no latín a incorporarse ós femininos da primeira declinación (Väänänen 1975: 168).

Os neutros do tipo *tempus, temporis* presentaban en galego un singular invariable con *-os (tempos)*. Esta forma aínda se conserva en locucións fosilizadas, que se oen neste concello, como *en tempos de Franco*. Posteriormente, o *-s* eliminouse do singular (*o tempo*) incluso en

*duais léxicos* coma *peitos*, palabra que aínda se usa moito neste concello para facer referencia a unha parte do corpo feminino formada por dous membros. Hoxe, nesta zona, tamén se di *peito* para denotar a parte do corpo humano próxima ás tetas (*doime o peito*).

Os substantivos neutros latinos imparisílabos que remataban en *-n* tenden a ser masculinos (*o lume, o enxame, o cumio, o estrume, o nome*) e incluso se adaptan a este xénero os castellanismos *o alambre, o costumbre, o nombre*, os cales están moi metidos na fala desta zona. Pola contra, os derivados de *VIMEN* son femininos xa que, ó lado de *a vime*, recollido en Veiga de Nostre, e *a vimia*, recollido en Fontefría, convive a forma *a vimbia*, que tamén se di no val de Verín. Con todo, algúns falantes que din *a vimbia* tamén empregan *o vimbio*.

Son igualmente masculinos os seguintes descendentes de neutros latinos da terceira declinación: *o ubre, o prebe, o fel, o mel<sup>2</sup>, o sal<sup>3</sup>, o mar, o leite, o vaso* e *o óso*. Esta última palabra só a din algúns vellos e a maioría dos falantes usan o castellanismo *hueso*. En cambio, é feminina *rede*, palabra neutra que se documenta como feminina no latín vulgar (Penny 1998: 121).

Outras particularidades relacionadas co xénero son as seguintes:

- a) Os nomes das letras do abecedario son femininas porque se transmitiron a través da escola e a escola difundía o castelán no pasado e séguese difundindo na actualidade.
- b) Entre as palabras que rematan en *-axe*, hainas masculinas: *o viaxe, o garaxe, o personaxe* ‘persoa importante’, e *o traxe*, derivado de verbal de *trager*; hainas femininas: *a marcaxe* ‘marxe’, *a carraxe* ‘especie de porca que se lle pon ó carro’, *a cadelaxe* ‘conxunto de persoas, especialmente as novas, que fan barullo coma os cans’ e *a potaxe/a potaje*; e hainas cos dous xéneros, tanto se se adaptan foneticamente ó galego coma se non o fan: *a linguaxe/a lenguaje/o lenguaje<sup>4</sup>, a equipaxe/a equipaje/o equipaxe/o equipaje*. Nunes (1945: 223) consideraba que, na lingua antiga, os nomes rematados en *-agem*, de importación francesa, eran frecuentemente masculinos.
- c) Continúan sendo femininas coma en latín as palabras *fuluxe* (< FELUGINE) ‘graxa negra que se forma nas *sarténs* usadas’ e *furruxe* (< FERRUGINE) ‘óxido’. Con todo, dado que cada vez se usan menos estas verbas ó seren substituídas por expresións do tipo *pota enfurruxada, arado enfurruxado, sartén afuluxada*, hai falantes que din *o furruxe*. A isto contribúe que existe un señor que ten por mote *o Furruxe*. Tamén é feminina a palabra *viruxe*, forma que unha informante pronunciou *viruxa* (¡cuanta *viruxa* corre!), pero algúns informantes din *o viruxe*.

2 A informante do lugar de Marbán di *a mel* por influxo do castelán.

3 Esta palabra podía ser, en latín, masculina ou neutra (Blánquez *sv. sal, salis*).

4 En portugués antigo, *linguagem* podía ser masculino (Said Ali 1971: 71).

- d) Os substantivos abstractos rematados en *-or*, que eran masculinos en latín, adoitan ser masculinos tamén no galego desta zona (*o valor, o picor, o ardor, o color, o calor, o sudor, o amor*) coincidindo niso con outras palabras coa mesma terminación (*acendedor, medidor, apremedor, cantor*) pero algúns falantes, por exemplo, unha informante de Piornedo e outro de Pepín din *a calor*. Este feminino pode deberse á analogía cos abstractos femininos en *-ura, -io, -itudo* (Väänänen 1975: 172). En castelán, a palabra *calor* era feminina e pasou a ser masculina a partir do *Siglo de Oro*, agás en modalidades dialectais (Penny 1998:125). A palabra *color*, que tende a ser masculina (*o color*) nesta comarca, especialmente para os máis novos, tamén se oe como feminina (*a color*) e algúns falantes admiten que poderían emitila con calquera dos dous xéneros. Esta vacilación pode te-la súa orixe no latín vulgar (Urrutia Cárdenas e Álvarez Álvarez 1988: 52).
- e) Están moi metidos no galego desta zona os castelanismos *o puente, o sangue, o origen/o orixen* (palabra que non todos coñecen), *a cuna, a codorniz/a codorní*. Agora ben, *a ponte* está moi viva entre os falantes de mediana idade e entre os máis vellos; *o sangue*, aínda o din algúns vellos de Veiga de Nostre e outros informantes do concello sosteñen que llelo oíron ós falantes vellos de antes; a palabra *berce* non a mencionou ningún dos meus informantes. Para facer referencia ó mesmo obxecto, rexistrei *a escaneta*<sup>5</sup> en Veiga de Nostre. Así mesmo, tamén se emprega *a pazpallá* e *o pazpallá*, nomes que representan onomatopeicamente o son que emite ese paxaro.
- f) En canto ó xénero das árbores froiteiras, non creo que deriven o xénero do da froita que dan a pesar de que haxa moitos casos en que isto pareza que é así: *a mazá* e *a mazaira, a claudia* e *a claudieira, a pera* e *a pereira, a ameixa* e *a ameixeira, a pavía* e *a pavieira*, etc., xa que esta regra non explica, por exemplo, o xénero da *concheira*, que dá *conchos*; do *castiñeiro*, que dá *castañas*; e da *figueira*<sup>6</sup>, que dá *figos*. Eu creo que a flutuación do xénero dos nomes das árbores froiteiras se debe a que a palabra latina *arbor* tiña dous xéneros no latín vulgar (Väänänen 1975: 173) e esa flutuación é a que explica que, nuns casos, se tome o xénero feminino (ARBORE FICARIA > *figueira*) e, noutros casos, se tome o xénero masculino (ARBORE CASTANARIU > *castiñeiro*). A que *arbor* pasase a ser masculino puido contribuír que xa, no latín vulgar, segundo Penny (1998 123-124), a terminación *-us* facía que os nomes de árbores pasaran a ser masculinos (FRAXINUS > *freixo*). Isto último explica que o xénero das árbores non froiteiras tenda a ser masculino (*salgueiro, amieiro, bidueiro*) no galego deste concello. En apoio da miña hipótese que deriva o xénero da árbore froiteira do xénero que tiña *arbor*

5 Esta verba aparece tamén na Gudiña (García sv. *escaneta*).

6 En Veiga de Nostre, existe o topónimo *Figueiro Rozado*.



podo aducir que: a) no latín clásico, os nomes de árbores eran femininos, probablemente, porque o referente *arbor* ó cal se referían era feminino (Blánquez sv. *arbor, oris*); b) *árbol* tamén era masculino na lingua medieval (Nunes 1945: 121); c) na toponimia galega, existen variantes desta palabra con xénero masculino (Navaza 2006: 64); d) no galego actual desta comarca e no da Terra Chá (Regueira 1989: 285), a verba *árbol* é masculina.

- g) Continúan sendo masculinas coma en latín as palabras *o sal* e *o fin*, verba que en portugués tivo xénero masculino ata a era dos seiscentistas (Said Ali 1971: 71). Continúan sendo femininas coma en latín: *arte* ‘maña’, *nari/nariz/narices* (*douche nas narices*); *frente*, que ten o derivado *a frenteira* (*a frenteira da casa*) distinto de *a fronteira* ‘límite’. En Veiga de Nostre, onde se di *frente* e *testa*, detectei a expresión *camiñar pa fronte*. Pola contra, debido á flutuación sufrida polo xénero dende o latín vulgar (Väänänen 1975: 171-173) cambiaron o xénero varios substantivos. Uns cambiaron o xénero masculino latino polo feminino, outros fixeron ó revés. Entre os primeiros están *a fonte*, *a cinsa*<sup>7</sup>, *a parede*, *a marxe*, *a orden*. Esta última entra en castelán por vía semiculta (Corominas sv. *orden*). Entre os substantivos que pasaron do xénero feminino latino ó masculino no galego desta comarca figuran: *o árbol*; *o val*, que é masculino incluso nos topónimos (*Castrelo do Val*, *Nocedo do Val*, *Valongo*, *Valcovo*); *o couce*, palabra que se está perdendo porque case non hai facenda e porque practicamente só hai gado cabalar no val; *o dote*, verba que usan os máis vellos dalgúns lugares e que outros informantes lles oíron ós máis vellos, pero que se deixou de usar porque agora no matrimonio non se estila ese tipo de regalo ou compromiso. En Campobeceros, só aparece *a dote* en usos translaticios (*colle unha boa dote aquel que se fai médico*).
- h) A palabra *guía* é feminina (*meu pai dá muitas guías, hai que pórllle unha guía ás fabas*) e é un probable derivado de *guiar*. A verba *guía* foi feminina, en castelán, ata o século XVIII en que colleu o xénero do referente macho ó que se aplicaba frecuentemente (Corominas sv. *guiar*). O vocábulo *a seña*, tanto co significado de ‘aceno’ coma co de ‘visión’, pasa a ser feminina porque o neutro plural latino *signa* se toma como femenino singular. O derivado adxectivo latino *signalis* fíxose substantivo no galego desta zona e un mesmo falante pode utilizalo como masculino e como feminino (*o seña das ovelas/a seña das ovelas*). Tamén rexistrei, en Veiga de Nostre, *o sinal*, forma que, en Campobeceros, tamén dicían os vellos, segundo varios informantes.

7 En latín, *cinis, -eris* era masculina e algunha vez feminina (Blánquez sv. *cinis, -eris*)



### 3. Marcas de xénero

Para Penny (1998: 123), xa no latín clásico había unha conexión forte entre o xénero e a forma da palabra: a maioría dos substantivos en *-us* (os da segunda e os da cuarta declinación) eran masculinos e os que eran neutros adquiriron rapidamente o xénero masculino; a maior parte dos que terminaban en *-a* (os da primeira declinación) eran femininos. En latín vulgar, esta conexión aumentou ó variaren de xénero os elementos que non coincidían co dito: así *socrus* ‘maí política’ e *nurus* ‘filla política’ pasaron a *socra* e *nura* por seren femininos. Igualmente *neptis* pasou a *nepta* (Väänänen 1975: 172). Penny (1998: 124) tamén di que se produciu unha adaptación dos nomes de árbores, femininos rematados en *-us*, e das denominacións de pedras preciosas. Así, por exemplo, *populus* evolucionou a *chopo* e *smaragdus* evolucionou a *esmeralda*.

Quizá teña razón Penny (1998: 124) cando di que, en castelán medieval, tan só houbo dúas excepcións á regra de que as palabras acabadas en *-a* eran femininas e as acabadas en *-o* eran masculinas: *mano*, que herda o xénero feminino do latín *MANUS*, e *día* que herda o xénero masculino do latín vulgar \**DIA*, palabra á cal se debeu adaptar o latín clásico *DIES*. Pero a partir da Idade Media a forza desta norma debilitouse, de maneira que hoxe hai bastantes substantivos que a incumpren:

- a) hai masculinos en *-a* orixinados por metonimia a partir de substantivos abstractos: *a cura* ‘acción de limpar unha ferida para que non se infecte’ deu orixe a *o cura* ‘aquele que sanda as feridas da alma’; *a trompeta* ‘instrumento’ deu orixe a *o trompeta* ‘o músico que toca a trompeta’, etc.
- b) hai máis femininos en *-o* creados por metonimia, abreviación, etc. Así, aqueles que pasaron por un proceso escolar grande aprenden que, segundo a norma castelá, deben dicir: *a moto*, *a dinamo*, *a foto*, *a radio*, etc., pero aqueles que non pasaron polo proceso escolar mentado seguen a tendencia popular que clasifica os nomes rematados en *-o* como masculinos, de tal maneira que din *un amoto*, *un dinamo*, *un afoto*, *un arradio*. Nalgúns dos exemplos citados, o artigo feminino *a* reanalízase como formante da raíz (*a motocicleta* > *a moto* > *o amoto*).

As palabras acabadas en *-e* e en consoante sofren dende o período latino unha presión que as leva a entrar nas outras dúas clases. Así, son exemplos de hipercharacterización de substantivos femininos *infanta* (< *INFANTE*), *pulga* (< *PULICE*) e *señora* (< *SENIORE*) e son exemplos de hipercharacterización de sustantivos masculinos *colondro* (cf. co latín *CUCUMERE*) e *paxaro* (< *PASSARE*). Esta tendencia é a causante de que as formas medievais en *-or* teñan na lingua actual unha marca *-a* para o feminino (*señora*, *pastora*), de que se cree *farsanta* a partir de *farsante* ou *comediante* a partir de *comediante*, e de que se forme unha forma específica para o feminino das palabras rematadas en *-ón* (*chupona*, *mamona*) e en *-és* (*verinesa*).

En galego pódense postular tres clases ou declinacións de substantivos agrupadas en dous xéneros de maneira parecida a como o fai Penny (1998: 127) para o castelán:

- a) substantivos que rematan na vogal temática *-a* (clase primeira que ten case sempre xénero feminino) procedentes da primeira declinación latina (*mesa*); dos femininos da quinta declinación (*madeira*) excepto *o día*; dos plurais neutros de calquera declinación (*folla, voda*) e dos femininos hipercaracterizados da terceira declinación (*señora, pulga*).
- b) substantivos que rematan na vogal temática *-o* (clase segunda que tende a ser de xenero masculino) procedentes de masculinos e neutros da segunda declinación (*amigo, viño*); masculinos e neutros da cuarta declinación (*paso, corno*) agás *a mau*; neutros da terceira declinación cunha vogal velar no nominativo/acusativo singular (*cabo, tempo*) e masculinos hipercaracterizados da terceira declinación (*colondro, paxaro*).
- c) substantivos que rematan na vogal temática *-e* ou en consoante por seren atemáticos (clase terceira que ten membros do xénero masculino e do feminino) procedentes da gran maioría dos substantivos da terceira declinación (*león*); dos substantivos da quinta declinación que non pasaron á primeira (*fe*) e dun pequeno grupo de palabras da segunda declinación que cambiaron a terminación por razóns descoñecidas segundo a consideración tradicional (*cobre* < CUPRU). Dende o meu punto de vista, as palabras coma *cobre* con cambio da vogal final a *-e* débense á tendencia a relaxa-la vogal final que debeu ser popular en todo o *continuum* dialectal do norte de España. Esta tendencia relaxadora dáse, neste concello, por exemplo, na palabra *toque* (cf. con *toco*) e no topónimo de Veiga de Nostre *Subrepedes*. Se esta tendencia popular triunfase, a marcaxe formal do xénero para distinguir ‘masculino’ de ‘feminino’ sería nula, xa que, nuns casos, só habería unha vogal final (*-e*) para marcar tanto o contido gramatical ‘masculino’ como o contido gramatical ‘feminino’ (*toque* vs. *pedre*) e, noutros casos, non habería ningunha vogal (*león* vs. *pel*).

#### 4. A oposición xenérica en galego: marcas formais, valores gramaticais e valores semánticos

O xénero é unha categoría sintáctica coma o número que se recoñece na concordancia e que axuda coas súas marcas á boa expresión e á boa comprensión da mensaxe, xa que o galego ten unha orde sintáctica menos rixida ca outros idiomas. Desta maneira, a importancia do xénero maniféstase fundamentalmente no discurso (Vigara Tauste 1992: 231). A categoría de xénero é predicible cando o elemento *-a* indica nos pares do tipo *nenos/nenas, xefe/xefa, león/leona, pozo/*

*poza* o contido gramatical ‘feminino’ fronte ó ‘masculino’. Non obstante, ningunha cousa natural motiva que *mel* sexa da clase masculina (*o mel*) e *pel* sexa da clase feminina (*a pel*).

Para a gramática xerativa transformacional, o xénero é un trazo inherente do substantivo que este lles impón ó artigo, ó adxectivo e ós pronomes que o substitúen. Así queda solucionado o problema de que o substantivo non dispoña dunha marca formal característica para o xénero (Vigara Tauste 1992: 232). Dende o meu punto de vista, habería que matizar que o xénero como categoría gramatical está máis consolidada en galego ca en latín, a pesar de que aínda non conseguiu que a vogal temática ou desinencia herdada do latín manteña en tódolos casos unha relación clara cun xénero gramatical. De tódolos xeitos, o camiño percorrido dende o latín é grande e a regularización, sen ser total, vai en aumento como se observa nos usos expresivos que se fan de moitas palabras: ¡*nin tigre nin tigra!*, ¡*vaia individual!*, ¡*vaia palabra!* A pesar de todo, permanece sen resolve-lo problema dos nomes de cousas, carentes de dinamismo, especialmente os que rematan en *-e* e en consoante xa que, para que un morfema exista, é necesario que os falantes o recoñezan tanto para comprendelo como para emitilo nunha secuencia propia. Ocorre, non obstante, que o falante normal, no coloquio espontáneo, improvisa o xénero dunha palabra, cando non o sabe, guiado por un criterio de eficacia que o leva simplemente a facerse entender polo seu interlocutor (Vigara Tauste 1992: 232).

En conclusión, se se postula a categoría de xénero para o substantivo, cómpre precisar que non ten sempre unha manifestación explícita na terminación, senón que, moitas veces, cos substantivos que denotan cousas, especialmente os que rematan en *-e* e en consoante (atemáticos), a terminación pode considerarse unha simple vogal temática, semellante á do verbo, que non vale para indicar claramente o xénero masculino ou o xénero feminino como se ve en *cobre* e *sebe*. No substantivo, existe unha terminación ou vogal temática que só algunhas veces indica con claridade o xénero da palabra. Cando ocorre isto último, a vogal temática reanalízase, no paso do latín ó galego, como morfema de xénero (*nen-o/nen-a*). Pero, en caso contrario, non se pode falar de morfema porque este, ó ser un signo, debe ser identificable e recoñecible.

Nas palabras do tipo *cobre* e *sebe*, téndese a analizar *-e* como formante da raíz pero a vogal continúa sendo terminación como se observa ó engadirlle o sufixo diminutivo (*cobr-e* → *cobr-iñ-o*, *seb-e* → *seb-iñ-a*). Se estas palabras se suman ás demais que non posúen marca de xénero (*mar-ø*), vese que existe un número bastante grande de substantivos galegos que non manifestan explicitamente o xénero senón que o teñen encuberto ou implícito ata que se usan no discurso (*o mar bravo*). O morfema de xénero aparece claramente na terminación *-o* e na terminación *-a*, excepto nalgúns casos, que son debidos case sempre á presión culta. As palabras patrimoniais que rematan en *-u* e en *-i* tampouco teñen morfemas de xénero xa que a terminación foi reanalizada polos falantes como parte da raíz, dado que, se se engade un sufixo diminutivo a *irmau*, o resultado é *irmau-ciñ-o* debido a que o *u* é interpretado como raíz e non como terminación. O mesmo acontece con *rei* (*rei- ø* → *rei-ciñ-o*). Non obstante, con *Carlos*, ó interpretarse *-os* (< US) como terminación, obtense o diminutivo *Carl-iñ-os*.

Cos substantivos que denotan animais e seres humanos, o xénero gramatical sempre achega un contido semántico sexual: nuns casos, opoñendo un termo marcado, chamado *feminino*, que fai referencia a femias (*nena, xefa, xogadora, gata, elefanta, leona*) a un termo non marcado, chamado *masculino*, que, dependendo do contexto, unhas veces se mostra indeterminado (*gústame comer coello, gústame o coello asado*) e outras se refire exclusivamente ó ente de sexo macho (*gústanne máis os coellos cás coellas*). Así a todo, xa dixeran que, con moitos substantivos co trazo [+ animado], o xénero gramatical, sexa masculino (*o pardau*) ou feminino (*a pantera*), fai referencia a un ente indeterminado en canto ó sexo. A falta de indicación sexual débese a que non se sabe, a que non interesa, etc.

Como a variación xenérica dos substantivos que designan seres sexuados, dá conta da diferenza entre os seres machos e os seres femias. A partir de aquí, por metonimia, pénsase que o xénero gramatical, que na actualidade é un clasificador nominal, coincide co xénero natural, pero como xa demostramos non é así.

Merece unha reflexión á parte o valor semántico que engade a categoría de xénero nos substantivos comúns co trazo [- animado]. Estes nomes uníronse no galego coas clases animadas ó perderse a primitiva oposición animado/inanimado do indoeuropeo. Como consecuencia disto, a maioría destes nomes son clasificados na clase masculina (*libro* en *o libro é gordo*) ou na clase feminina (*rosa* en *a rosa é bonita*) en virtude da concordancia que esixen no sintagma nominal (ou frase nominal); non obstante, fóra dese valor sintáctico de concordancia e do contido gramatical ‘masculino’ e ‘feminino’, o xénero gramatical non achega ningún valor semántico nas secuencias anteriores. Nalgúns substantivos, a oposición xenérica vale para facer distincións léxicas entre dúas palabras, que figuran en dúas entradas diferentes de dicionario: *o zapato* e *a zapata*.

Tradicionalmente, dise que a oposición xenérica nominal é usada para traducir a oposición semántica individual/colectivo (vid. Regueira 1986: 291-292; Taboada 1979: 96-99; e Álvarez, Monteagudo e Regueira 1986: 58-59). Pero isto, para min, non ocorre así nin no galego desta zona nin no resto do galego. Eu penso que a variación xenérica masculino/feminino non é unha tradución formal do contido individual/colectivo no galego desta comarca como se constata en *fruta*<sup>8</sup> e *fruto*. En *gústame a fruta*, hai ambigüidade entre a referencia a unha materia ou a un obxecto; en *o fruto é alargado*, *fruto* refírese a un conxunto de entidades pero non é, para min, un substantivo colectivo porque a predicación non se fai sobre o conxunto (cf. con *o exército alargado*) senón sobre as entidades que constitúen o *fruto*, as cales son alargadas. Por outra parte, a secuencia *comín unha fruta* é o indicio de que *fruta* se recategorizou como substantivo contable. O mesmo ocorre con *folla*, *herba*, *farramenta/ferramenta* e *area* xa que se pode dicir *a folla* e *unha folla*, *a herba* e *unha herba*, *a farramenta* e *unha farramenta*, *a area* e *unha area*. Ademais os femininos *a leña* e *a madeira*,

8 Debe vir dunha forma analóxica do latín vulgar \*FRUCTA, feita a partir do masculino *fructus* (Menéndez Pidal 1904: 217).

que son substantivos de materia e non colectivos, carecen, na fala deste concello, dos termos opostos individuais correspondentes \**leño* e \**madeiro*; e o masculino *ganado*, substituto actual do substantivo *gado*, que usaban os vellos, nin se opón a unha palabra feminina que denote un ente individual (\**a ganada*) nin é un colectivo ó interpretarse *ganado grande* como unha predicación sobre os membros do *ganado* ('animais grandes') e non como unha predicación sobre o conxunto ('ganado numeroso'). Paréceme que, no resto do galego, as cousas son parecidas e, en virtude disto, creo que a oposición xenérica non indica unha oposición semántica individual/colectivo en galego. Incluso se aparece un par positivo, trataríase dunha herdanza do pasado e non dun contido estable e sistemático como son os contidos gramaticais. Sería, en definitiva, unha oposición léxica, consignada en dúas entradas diferentes de dicionario, coma a que se establece entre, por exemplo, *o enxame* e *unha abella*.

A variación xenérica masculino/feminino, herdada do latín vulgar, cumpre unha función discriminativa cando se usa para distinguir dous obxectos diferentes (ou dous tipos formais categorizados como diferentes). Constitúen casos claros que figuran con dúas entradas no dicionario: *palleiro* 'morea grande de herba seca ou de palla'/*palleira* 'edificio'; *pero*<sup>9</sup> 'tipo de froita'/*pera*; *cuartillo* 'medio litro'/*cuartilla* 'un cuarto dunha ola, é dicir, catro litros'; *pito* 'cría de galiña'/*pita* 'galiña'; *cesto/cesta*; *pote/pota*; *pozo/poza*, etc. Este procedemento continúa sendo produtivo como se observa na palabra *butana* 'cociña de butano' feita a partir de *butano*. Este mecanismo tamén se dá opoñendo unha base castelá, *paloma* 'pomba mansa', a unha base galega, *pombo* 'pomba brava'.

Os valores semánticos de *cesto* e *cesta* deben ser estudados pola semántica, ou mellor dito, por unha semántica cognitiva, coma a formulada por Eco (1999: 10-11), que se faga acompañar da pragmática e que se basee nunha noción contractual tanto dos nosos esquemas cognitivos como do significado e da referencia. Con isto, Eco intenta atemperar unha visión eminentemente *cultural* dos procesos semióticos co feito de que, sexa cal sexa o peso dos nosos sistemas culturais, hai algo no *continuum* da experiencia que pon límites ás nosas interpretacións impedindo, por exemplo, dicir que un ornitórrinco se asemella máis a un elefante ca un pato ou que o home sexa interpretado como cuadrúpede ou que a balea sexa interpretada coma un paxaro.

O enfoque semiótico de Eco (1999: 299-293) xunta a perspectiva estruturalista de Hjelmslev coa semiótica cognitivo-interpretativa de Pierce. As dúas perspectivas deben coexistir porque, se se quere elixir unha soa, non se dá razón do noso modo de coñecer e expresa-lo que coñecemos xa que no plano das nosas experiencias cognitivas procedemos matando dous paxaros dun tiro.

9 En Veiga de Nostre, rexistrei as palabras *pero* e *pereiro*. Pero, moitos falantes deste concello descoñecen o significado destas palabras porque nunca viron nin un *pereiro* nin un *pero*. Agora ben, no pasado, os falantes do concello de Castrelo do Val é moi posible queoubesen o significado de *pereiro*. A razón desta conxectura radica en que, no concello ourensán de Laza, lindante co concello de Castrelo do Val, existe o lugar chamado *O Pereiro*.

Hjelmslev ensinounos que unha ovella se distingue dun cabalo pola presenza ou ausencia dalgunhas marcas dicionarias, como OVINO e EQUINO, e deixounos entrever que esta organización do contido impón unha visión do mundo. Esa organización do mundo, ou adopta esas marcas como primitivos non interpretables posteriormente (e, entón, non nos di cáles son as propiedades dun ovino ou dun equino), ou esixe que tamén eses compoñentes sexan interpretados. Pero, cando se entra na fase da interpretación, a rixida organización estrutural disólvese na rede das propiedades enciclopédicas, dispostas ó longo do fio potencialmente infinito da semiose ilimitada.

No momento actual, a semántica estrutural limitouse a estudar campos moi restrinxidos e non conseguiu constituír nunca un sistema de oposicións total, que dea razón de todo o noso coñecemento e de tódolos usos da linguaxe. Isto non exclúe que, no futuro, se poida facer ou que o sistema global de contido exista nunha mente divina pero isto tamén di que nós só podemos proceder con axustes provisionais e correccións sucesivas.

Así pois, a semántica delineada aquí non deixa fóra de estudo o coñecemento enciclopédico do mundo que os falantes dun idioma teñen e iso é así porque, cando un falante di *cesta*, sabe que ten unha forma, sabe que está feita cun determinado material (normalmente con vimbias), e sabe que se usa para unha determinada función (coller patacas<sup>10</sup>). Pero estes saberes, que parafrasean a causa formal, material e final de Aristóteles, que se poden introducir na matriz de trazos semánticos proposta polos estruturalistas, onde se mete tamén o contido sexual, non esgotan todo o coñecemento que os falantes teñen sobre unha palabra coa que designan un referente, xa que, se se lles segue preguntando, contestarán que a cesta ten asa e o cesto, chamado tamén *vendimo*, non e, se se segue indagando, dirán que as patacas collidas coa cesta se botan no cesto, que a cesta dos pescadores tampouco ten asa e, con todo, continúa chamándose *cesta*, que a cesta designaba aquel obxecto algo *alargado* con asa que as súas mais levaban no brazo ó monte coa costura, etc.

Así mesmo, dos *potes* os falantes tamén saben que eran grandes, que tiñan angas para colgalos da cadea, que tiñan tres patas e que estaban feitos con ferro. Pero, a pesar de que os *potes* son máis grandes cás *potas* normais para cociñar, as cales non teñen asa nin son de ferro, os falantes seguen identificando como *pote* aquel obxecto miniaturizado máis pequeno incluso ca moitas *potas* que agora se emprega para poñer plantas. Os falantes tamén identifican como *pote* un colgante que reproduza un auténtico *pote*, a pesar de que o colgante do *pote* é moitísimo máis pequeno ca unha *pota* normal para cociñar.

Trátase dun problema relacionado coa cognición humana e do que esta considera suficientemente relevante para chamarlle a atención. Un obxecto chama a atención dos seres humanos debido á relevancia significativa que adquire a forma que teña, a función para o que se use, a materia empregada para a súa confección, etc. Adquirida a relevancia, os seres humanos deciden, por motivos suxeitos ó azar da historia de cada lugar, que habería que ana-

10 O utensilio para coller patacas recibe tamén o nome de *canastro*.

lizar caso por caso, categorizar un determinado elemento como invariante (tipo) e non como variante (ocorrenza) dunha invariante. Todo isto pode parecer vago, pero é un procedemento operativo que ten como única garantía o consenso da comunidade. Así a todo, este problema é complicado a pouco que se observe que se usa *can* para designar animais que se parecen bastante menos entre si (*dogo e caniche*) ca *lobo* e *can*. Neste caso, a saliencia parece que tivo como orixe que o can se domesticou e o lobo non e iso arrastrou outro conxunto de características coma a ferocidade, a perigosidade, a mirada torva, etc.

A un falante normal, para comunicarse con eficacia, bástalle cun saber enciclopédico menor có que ten un científico sobre o lobo e o can ou có que tiñan os agricultores de antes. O coñecemento enciclopédico é un coñecemento descoordinado e de formato incontrolable: do contido enciclopédico de *cesta* debería formar parte todo o que se sabe e todo o que se podería saber sobre cesta, a pesar de que, en moitas ocasións, se considera como coñecemento enciclopédico só o que a comunidade rexistra publicamente. A xente, cando fala normalmente, acode á enciclopedia mentres que só os doutos recorren ó dicionario. O esquema dicionarial é un instrumento de clasificación, non un instrumento de definición. A competencia dicionarial limitase a clasificar unha entidade, sen achega-lo seu contido específico. Dito metaforicamente, a definición de dicionario indica o directorio do arquivo en que está unha entidade. Na maioría dos casos, a clasificación dicionarial bota man da taxonomía científica, a cal mudou ó longo do tempo. En cambio, a competencia enciclopédica identifícase tanto co coñecemento do nome dos directorios e dos arquivos, como co coñecemento do seu contido. Se a falta, ata o século XVIII, dunha competencia en forma de dicionario non impediu falar e entenderse á humanidade durante milenios, tal competencia é, se non irrelevante, sen dúbida non decisiva para os fins da competencia lingüística.

Eco (1999: 143-258) apunta estas ideas que citei e ademais considera que o contido nuclear dun significado quizá estea formado na súa maior parte por trazos de carácter enciclopédico, a miúdo desorganizados, mentres que formas de competencia dicionarial estruturadas aparecen só en representación de contido molar. Baixando ó detalle, no nivel de contido molar, un polo é un paxaro; no nivel de contido nuclear, un polo pode ou non pode ser clasificado entre os animais de curral. En definitiva, o que Eco chama *contido molar* é o coñecemento que teñen os expertos que os leva, por exemplo, a clasifica-lo ornitorrinco como monotrema; o que Eco chama *contido nuclear*, que é o elemento fundamental dende o punto de vista lingüístico, representa o modo en que intersubxectivamente os seres humanos intentan aclarar qué trazos compoñen o tipo cognitivo do ornitorrinco. Dito con outras palabras, o contido molar é un coñecemento ampliado que varía segundo os suxeitos (un zoólogo ten un contido molar de vaca diferente do que posúe un gandeiro ou do que posúe un veterinario); en cambio, sobre o contido nuclear de vaca debería haber un consenso xeneralizado. A suma de tódolos contidos molares, os cales representan porcións de competencia cultural sectorial, identifícase co que Eco denomina *enciclopedia*.

O tipo cognitivo, que é privado, é un fenómeno de semiose perceptiva, que non se pode ver nin tocar. O tipo cognitivo non é exclusivamente unha imaxe visual senón que tamén



pode corresponder a guións ou a diagramas de fluxo para recoñecer unha secuencia de acción. Pódese dicir que o tipo cognitivo posúe un carácter multimedia: cando os aztecas viron por primeira vez os cabalos, non só percibiron unha especie de imaxe e unha serie de trazos morfolóxicos, senón que tamén puideron percibir que o cabalo rinchaba, que tiña un olor, que infundía terror e, por suposto, que era un animal cabalgable que tiña unha serie de propiedades motoras (o animal movíase amodo ou ó trote, encabritábase, etc.). Eco postula un tipo cognitivo como dispositivo para producir contido nuclear e trata ós contidos nucleares como proba de que nalgún lugar existe un tipo cognitivo. Tamén o sentido común o leva a postular-lo tipo cognitivo porque este é o que permite recoñecer-lo ornitorrinco, identificalo e facer referencias felices a el. Sobre a base consensuada dun contido nuclear para o ornitorrinco, que converte o tipo cognitivo en público, os científicos foron variando, ó longo do tempo, o contido molar que tiñan de tal animal ata chegar a clasificalo como monotrema. Pero, se se modificase tal contido molar, os seres humanos continuarían recoñecendo o ornitorrinco, identificándoo e facendo acertadamente actos de referencia a el, ou ben a partir da súa experiencia persoal, ou ben a partir da instrución cultural que a comunidade lles proporcionase do contido nuclear do ornitorrinco que fíxese posible a creación dun tipo cognitivo de tal animal.

Así pois, os seres humanos teñen un pensamento que se pode denominar *bravo* ou *salvaxe*, que procede por bricolaxe. A categorización brava ou salvaxe reagrupa os obxectos pola súa utilidade, pola súa relación coa supervivencia, por analoxías formais, etc. Non obstante, a categoría científica de mamífero recolle animais moi diferentes a primeira vista e moi diferentes no trato (uns comémolos e outros cómennos a nós). Así a todo, para poder realizar dunha maneira adecuada unha referencia é preciso ante todo poñerse de acordo sobre o significado dos termos e só entón se pode seguir contratando sobre o individuo ó que pretendemos referirnos (Eco 1999: 267-271).

Para Neisser (cito por Eco 1999: 221), os seres humanos non usan categorías como modos de percepción senón que elaboran taxonomías salvaxes a partir de tipos cognitivos que non están ordenados xerarquicamente a pesar de seren máis vagos uns ca outros. Así, por exemplo, o tipo cognitivo de *paxaro* é máis vago có de *anduriña* e isto válelle a un falante para dicir *paxaro* cando ve no ceo un animal con alas voando e para usar *anduriña* cando ve máis cerca tal paxaro e ademais é capaz de recoñecelo porque ten un tipo cognitivo para *anduriña*. Para moitas das nosas experiencias cognitivas, tipo cognitivo e contido nuclear coinciden e, para outras, non (Eco 1999: 255). Entre estes últimos casos están os tipos fisonómicos para individuos e os tipos cognitivos para individuos formais coma a *Quinta* de Beethoven (Eco 1999: 237-246).

Volvendo á cuestión que me ocupa, estas oposicións xenéricas varían de lugar a lugar e, nun exame exhaustivo, é posible que haxa variación idiosincrásica, dado que cada persoa pode ter preferencias por indicar un referente cunha palabra ou con outra. Incluso, se se ten en conta que os falantes non só negocian o significado da palabra senón tamén a referencia, pode comprenderse por qué dúas palabras que se aplican normalmente a cousas distintas

como *pozo* e *poza* poden alternar nun determinado contexto: *a chuvia fixo pozas* e *a chuvia fixo pozos*. No fondo, aínda que é posible que se prefira *a auga fixo pozas*, os dous exemplos anteriores son usos figurados, salvo que se trate dun diluvio, e o falante escolle *poza* ou *pozo*, en principio, segundo lle pareza que se asemella máis ó tipo cognitivo que el posúe de *poza* e *pozo*, pero, ó estar sometida cada escolla ó criterio de cada quen, a denominación dunha entidade varía e, como consecuencia, estes usos translaticios transmiten a impresión de que entre unha palabra e outra non hai diferenza.

Para indica-lo significado das palabras *pozo* e *poza*, os falantes usan os coñecementos que lles dá a experiencia. Así, por exemplo, para unha informante de Veiga de Nostre, onde non hai un río grande, *pozo* era ‘unha zona fonda dun río’ ou ben ‘aquilo que se escavaba na terra para sacar auga’ e *poza* era ‘aquilo que se orixinaba cando se tapaba un *righeiro* con lousa e *terrós* para abrilo despois’. Para unha informante de Campobeceros, *poza* é ‘a parte do río adecuada para bañarse porque a auga, ó estar empozada, cobre o suficiente’. Para un informante de Pepín, recibe o nome de *laga*<sup>11</sup> ‘aquilo que se constrúe a propósito cun muro para pegar da auga, a cal se usa para regar’, recibe o nome de *poza* ‘a auga que está embairada<sup>12</sup> ou encharcada unha tempada’ e utilízase *pozo* para facer referencia a todo aquel burato fondo no cal hai auga. Con esta mesma referencia aparece *pozo* nos topónimos como se observa no microtopónimo de Campobeceros *Pozo Negro* e no microtopónimo verinés *Pozo do Demo*. Ambos a dous topónimos fan referencia a unha zona do río fonda parecida a un pozo ou burato cavado para obter auga.

Os casos máis problemáticos que atopei para decidir se se trata de tipos diferentes ou de ocorrencias dun mesmo tipo son *machado/machada*, *funil/funila* e *espeto/espeta*, pero considero que se trata de tipos diferentes que se poderían denominar tamén con dous substantivos distintos. Agora ben, o que se fai nestes casos é usar unha mesma base léxica con diferente flexión xenérica para designar dous elementos que se categorizan así pola relevancia que se lles outorga. A explicación que podo dar destes casos é semellante ás que xa fixen arriba. O *machado* non só é máis grande cá *machada* senón que tamén ten unha forma algo diferente e é menos manexable cá *machada*. Isto significa que son dous obxectos diferentes que se usan para realizar funcións distintas. Así, se hai que deplumar un castiñeiro subíndose a el, sóbese cunha *machada* e non cun *machado*.

O *funil* úsase, en Campobeceros e Veiga de Nostre, para trasfegar viño mentres que a *funila* se emprega para achourizar. Como consecuencia disto, teñen unha feitura diferente: o *funil* ten un sombreiro máis ancho cá *funila* e esta é máis longa, e máis fina na punta. En Piornedo, o *funil* emprégase para enche-los chourizos gordos e cabaceiros e as lengüizas e a *funila* para enche-los chourizos delgados, as botellas de viño e os garrafóns. Ademais a proba

11 En Campobeceros, tamén se usa *laga* con este significado.

12 As palabras *embairar* e *bairar* están moi vivas en todo o val de Verín e tamén a usan os vellos de Campobeceros.

de que en Piornedo se trata de dúas verbas diferentes radica en que o *funil* se usa como sinónimo de *embudo* pero a *funila* non. A partir destas descrições do significado é fácil concluír, por un lado, que non se lle poden pór cancelas ó que un ser humano fai cun obxecto, e, por outro lado, que os falantes negocian o significado das palabras e a referencia á cal aplican unha determinada palabra, debido a que tanto o significado coma a referencia están suxeitos ó consenso da comunidade.

O *espeto* úsase para asar cabritos e a *espeta* para asar chourizos ou charruscos de carne no lume da cociña de ferro. Como é evidente, o *espeto* ten que ser máis grande e debe estar feito doutra maneira cá *espeta*. A desaparición das cociñas de ferro pode levar a que desapareza a palabra *espeta*. Así a todo, algúns falantes, especialmente os que non son vellos, poden usar tamén *espeto* para referirse ó que outros chaman *espeta* e outros quizais poidan intercambiarlos nomes. Se se continúa por este camiño, chegaríase a unha única forma como acontece en Campobeceros con *horta*, *caxato*<sup>13</sup>, *tixolo*<sup>14</sup> ‘utensilio para asar bullós ou castañas’ e *saco*; en Veiga de Nostre, con *horta*<sup>15</sup>, *teta*, *podón*, *vasoiro*<sup>16</sup> e *varazo*<sup>17</sup>; e en Piornedo, con *cancela*, *portelo*<sup>18</sup>, *teta*, *horta* e *vasoira*.

O costume ou a preferencia individual é o que fai que se diga en Campobeceros *portelo* ou *portela*, *cribo* ou *criba* ‘utensilio que ten unha rede con buratos de tal tamaño que permite pasa-lo grao e non a lirica, o millo e non outras herbas, etc.’ (cf. con *pineira* ‘utensilio que se usa para pineira-la fariña e separala do farelo que se lle dá ós porcos e que, en consecuencia, presenta unha rede máis fina cá do *cribo*’), *teta* ou *teto*<sup>19</sup>, *vencello* ou *vencella*<sup>20</sup>, *burato* ou

- 
- 13 Os falantes de Campobeceros de antes tamén dicían *caxata* e unha informante de Piornedo usaba a *caxata* para tanguelas ovellas e o *caxato* para tanguelas vacas.
- 14 Os falantes de Campobeceros de antes tamén empregaban *tixola* co mesmo significado ca *tixolo*. Por outra parte, a palabra *sartén* úsase, en todo o concello, para facer referencia ó obxecto que se utiliza para fritir. Así a todo, en Piornedo e Pepín, manifestáronme que os vellos de antes lle chamaban *cazola* a este utensilio para fritir.
- 15 O home dunha informante de Veiga de Nostre, que é de Veigas de Camba, só di *horto*. Veigas de Camba era un lugar do concello de Vilariño de Conso que quedou debaixo do encoro das Portas.
- 16 En Campobeceros, dise *varredoiro* e os vellos de antes tamén dicían *vasoira*. Agora ben, o informante de Pepín foi capaz de distinguir dous obxectos diferentes: a *vasoira* facíase atando varias xestas e usábase para varrer; o *vasoiro* tiña un significado máis especializado ó empregarse para varre-lo forno despois de face-lo pan. En consecuencia, o *vasoiro* tiña outra feitura ó levar un mango grande atado á parte que servía para varrer. O *vasoiro* era de xestas ou de loureiro.
- 17 Para moitos falantes deste concello, hai diferenza entre *varazo* e *varaza*. O informante de Pepín dixo que só empregaba *varaza* para o ‘cordel co que se xogaba co peón’ porque era máis pequeno e máis delgadiño. Para unha informante de Piornedo, a *varaza* é máis delgadiña có *varazo*. Para unha informante de Campobeceros, *varaza* só se di na expresión *unha varaza de herba* para indicar ‘unha ringleira de herba’.
- 18 A palabra *portela* só a coñecen como topónimo.
- 19 Pódese dicir *o ubre da vaca ten cuatro tetas* ou *o ubre da vaca ten cuatro tetos*, pero *teta* e *teto* non sempre se poden intercambiar. Así, para designa-lo peito dunha muller dise *a tetá dunha muller* pero non se di *o teto dunha muller*.
- 20 Para outros informantes doutros lugares, *vencello* e *vencella* indican realidades distintas: o *vencello* úsase para atar mes, outono, herba, etc., faise normalmente con dúas partes de palla atadas unha a outra; a *vencella* está

*burata*<sup>21</sup>, e *cancelo* ou *cancela*. Con todo, en Campobeceros, hai certa preferencia por *cancela* en vez de *cancelo* e por *teta* en vez de *teto* para designa-lo ‘bico das tetas dos animais’.

A variación flexiva de xénero combínase cos procedementos derivativos (a *fouce/o fouciño*) para facer mención a dous elementos distintos. Aínda que, hoxe, poida haber xente que, ó descoñecer-los referentes, diga *fouciña* en vez de *fouciño*, a *fouciña* era un diminutivo de *fouce* ‘obxecto coa folla curvada que se usaba para sega-lo pan’ e o *fouciño* era unha ‘ferramenta que se empregaba para sega-lo outono, que tiña a boca máis aberta e a folla máis estreita cá fouce’.

Outra dicotomía parecida a *fouce/fouciño* é *ventana/ventanico* e *ventana/ventanucho*. En Piornedo, úsase *ventanico* como sinónimo de *bufarda* para facer referencia a unha abertura sen marco por onde entra algo de luz pero non moita debido a que, polas máis grandes, só colle unha cabeza; en Campobeceros, utilízase *ventanucho* en vez de *ventanico*.

En moitas ocasións, o procedemento flexivo alterna co procedemento derivativo como se ve en *dedo* fronte a *deda* ou *dediña* ‘dedo pequeniño da man’. A preferencia cambia de lugar a lugar. Así, en Campobeceros e en Pepín, prefírese *dediña* e, en Piornedo, prefírese *deda*. Igualmente *coiro* ‘a parte que recobre o touciño’ oponse a *coira* e a *coiracha*<sup>22</sup>, que adquiren o significado especializado ‘pel da barriga do porco’. Outro caso de combinación de variación flexiva e procedemento derivativo establécese entre *saco* e *saquita* ‘obxecto no cal se leva a merenda ó monte’ en Campobeceros, onde tamén se emprega *saquito* como equivalente a *saquita*. En Veiga de Nostre, usábanse, no pasado, *saco* e *saquito* ‘o de feitura estreitiña’ e, posteriormente, cando veu a *pulpa*, entrou a palabra *saca* para designar aquel ‘obxecto onde viña a pulpa, que era bastante grande pero que só pesaba cincuenta quilos’. En cambio, en Piornedo *saca* designaba un obxecto máis pequeno có *saco* ata que veu a xa citada *saca da pulpa*. Este feito fixo que, en Piornedo, *saca* designe un obxecto máis pequeno có *saco* e un obxecto máis grande có *saco* porque existen dous tipos cognitivos diferentes de dous obxectos diferentes. Fóra do caso de *saca*, que se explica porque acaba de entrar no idioma, quizás o máis normal ou máis frecuente sexa que a terminación en *-o* denote o obxecto máis grande. En apoio desta idea, podó citar, por unha banda, que un informante de Pepín manifestou que só usa *machada* e non *machado* e que, cando se refire a unha machada grande, utiliza *machadón* e, por outra banda, podó citar que unha informante de Campobeceros considera equivalente dicir ¡*Que cacho botello!* e ¡*Que cacho botellón!* De tódolos xeitos non teño

---

constituída por unha única peza de palla larga e usábase para ata-lo mollo na leira. Ó estaren feitos de forma tan distinta, esixían nós diferentes tamén.

21 Semella que os falantes poden escoller en moitos contextos entre unha forma ou outra, a pesar de que, en Campobeceros, se diga máis frecuentemente *burata* para indica-lo ‘lugar onde se enterra a alguén’ ou para indica-lo ‘lugar que se fai para obter carbón’ e a pesar de que, para unha informante de Veiga de Nostre, *burato* e *burata* indican realidades distintas xa que, cando se cava, fálase de *burato* e, cando se facía carbón, fálase de *burata*, a cal era máis aberta.

22 En Piornedo, úsase a palabra *peldra* en vez de *coiracha*.

datos suficientes para facer unha xeneralización definitiva sobre esta cuestión. Cos datos que teño de momento, constato que, nas palabras que se opoñen pola terminación -o vs. -a, non é sempre previsible cá das palabras designa un obxecto de tamaño maior.

Por último, cabe apuntar que, en xeral, as diferenzas vocabulares se manteñen máis se o falante usa os obxectos ou se, polo menos, coñece ben a referencia á que se aplican as palabras. Isto explica que a diferenza entre *pipo* e *pipa* se faga mellor nas zonas en que hai viño, o val e Veiga de Nostre, ca no resto dos sitios, onde hai informantes, por exemplo, unha de Campobecerro, que usan indistintamente *pipo* e *pipa*. Así a todo, nun lugar do val coma Pepín, estas palabras aplícanse a distintos referentes dun xeito bastante flexible: úsase *pipo* cando a capacidade do obxecto é de 11 olas<sup>23</sup> ou cántaros, 25 olas ou 50 olas; úsase *pipa* (ou *cuba*) cando a capacidade é de 100 olas, 200 olas, etc.; e úsase *pipote* cando a capacidade non pasa de 12 cántaros.

## Bibliografía

- Álvarez, R., H. Monteagudo e X. L. Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Blánquez, A. (1982): *Diccionario latino-español*. Barcelona: Ramón Sopena. 5ª ed. revisada, corrixida e aumentada.
- Camara jr., J. M. (1980): *Principios de Lingüística Geral*. Rio de Janeiro: Padrão-Livraria Ed.
- Corominas, J. (1980): *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana*. Madrid: Gredos, 3ª ed, 2ª reimpresión.
- Eco, U. (1999): *Kant y el ornitorrinco*. Barcelona: Lumen.
- García, C. (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Santiago de Compostela: Anexo 15 de *Verba*.
- Menéndez Pidal, R. (1904): *Manual de gramática histórica española*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Monteil, P. (1992): *Elementos de fonética y morfología del latín*. Sevilla: Universidade de Sevilla.
- Moreno Cabrera, J. C. (1991) *Curso Universitario de Lingüística General. Tomo I: Teoría de la gramática y sintaxis general*. Madrid: Síntesis.
- Navaza, G. (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Nunes, J. J. (1945): *Compêndio de gramática histórica portuguesa. Fonética, Morfologia*. Lisboa: Livraria Clássica Ed., 3ª ed.
- Penny, R. (1998): *Gramática histórica del español*. Barcelona: Ariel.
- Regueira, X.L. (1989): *A fala do norte da Terra Cha. Estudio descriptivo*. Tese de Doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- Said Ali, M. de (1971): *Gramática Histórica da Língua Portuguêsa*: Rio de Janeiro: Livraria Académica, 10ª ed.
- Simone, R. (1993): *Fundamentos de lingüística*. Barcelona: Ariel.
- Taboada, M. (1979): *El habla del valle de Verín*. Santiago de Compostela: Anexo 15 de *Verba*.

23 A ola ten, nesta zona, aproximadamente dezaseis litros.

- Urrutia Cárdenas, H. e M. Álvarez Álvarez (1988): *Esquema de morfosintaxis histórica del español*. Bilbao: Universidade de Deusto.
- Väänänen, V. (1975): *Introducción al latín vulgar*. Madrid: Gredos.
- Vigara Tauste, A. M<sup>a</sup>. (1992): *Morfosintaxis del español coloquial*. Madrid: Gredos.
- Villar, F. (1983): *Ergatividad, acusatividad y género*. Salamanca: Universidade de Salamanca.